


# 10 Motivos para manter aos fillos alonxados da lectura.

## Moi en especial dos libros

*Pacodiaz. Asesor de formación do profesorado. Fido das linguas e da... lectura*



Todo o mundo di que os nenos e nenas teñen que ler. Disque ler é fundamental e moi importante. Pois non se enganen. Poida que isto non sexa tan evidente. Quizais a lectura sexa necesaria, non digo que non, para algunhas actividades, mais vexo motivos máis que suficientes para desaconsellar ese inquedaante costume de andar a ler, e moi en especial a ler en libros, a ler literatura. Velá algún deles:

**Ler é un xeito de exercitar a mente.** Convén ser coidadosos con estas cuestións, porque si, parece que ler exercita o cerebro e desenvolve certas habilidades, mais de certo que unha mente exercitada non adoita resultar cómoda. As persoas que exercitan o seu cerebro con regularidade soen facer preguntas inoportunas, reclamar explicacións, protestar... a súa pregunta característica é: por que?

Existen moitas outras actividades que non estimulan estas incómodas tendencias, tales como os videoxogos, ou mesmo a propia televisión. Nada mellor que os pequenos dispositivos móbiles. Silencio e calma, sen exercicios perigosos. Quéreste enfrontar a un por que a cada momento? Non? Pois nada de lectura.

**A lectura desenvolve o máxín.** Velá unha das máis perniciosas características deste hábito. Existen numerosas evidencias científicas de que a lectura de literatura -en especial de relatos- incrementa dun xeito exponencial a capacidade de recreación, de imaxinar historias, personaxes, mundos inventados, de vivir outras vidas. A literatura aumenta o longo e mais o largo do mundo interior. Vaia liorta!

Cara onde vai esa ampliación? Queremos que os nosos fillos e fillas transiten por mundos que

nós non coñecemos? A saber onde se poden ver metidos. Con quen andan conversando? Con piratas? Con vándalos e canallas? A televisión, por exemplo, resulta moito máis segura. Sabemos o que están a ver. Non é só que case todos os programas sexan máis ou menos iguais, é que ademais repiten unha e outra vez os mesmos capítulos das series, as mesmas películas. Se non queres vivir a anguria de non saber en que mundo vive a túa filla ou o teu pequeno, pois nada de libros.

**Ler desenvolve a empatía.** E iso que vén sendo? Pois unha das peores facetas desta funesta actividade. A empatía consiste na comprensión do outro, na capacidade de poñerse no lugar dos demais. A lectura -nomeadamente de ficción- fornece as persoas de habilidade para mirar a realidade desde diversos puntos de vista. Cando lemos unha novela

ocupamos o lugar dos protagonistas, sentimos por eles, vivimos por un tempo as súas aventuras. Resulta lóxico pensar que as persoas que len son máis comprensivas, máis capaces de poñerse no lugar dos demais fronte aos conflitos. Son máis empáticas e, polo tanto, máis capaces de chegar a acordos, de cooperar, de convivir.

É quen necesita destas capacidades? Vivimos nun mundo moi competitivo e difícil. Quen queira triunfar deberá pasar por diante do resto. Vencer. Isto de ler non é unha axuda. Máis ben será un lastre. Queres unha triunfadora, un camión? Que se deixe de libros.

**Lendo ampliase os coñecementos.** Efectivamente, a lectura foi e continúa a ser -ben que hoxe en día o sexa en novos formatos e soportes- o vehículo esencial de acceso á cultura, ao saber. Daquela diríase que isto de ler non é tan pernicioso. A fin de contas, o saber non debería ser un problema. Pero de feito si que o é! Claro que o é. Sempre o foi.

Os coñecementos son un problema dependendo de cales. Velaf a cuestión. Seguro que ti sabes moi ben o que deben saber os teus fillos. E de certo que sabes o que non lles interesa. Mellor será manter esta cuestión da cultura controlada.

**Ler amplía o vocabulario.** Quen o dubida? A lectura -en particular da poesía- agasállanos coas verbas que necesitamos para nomear conceptos, matices, sentimentos... que mesmo coñecemos, pero non acertamos a definir. Ás veces para expresarnos, para comunicarnos mellor. Incluso en ocasións, a literatura dá a palabra a quen non adoita ter a palabra. Nos libros falan as nenas e os nenos, falan mesmo as persoas que nunca escoitamos na televisión ou nos xornais.

Pero se nos libros falan mesmo quen non deben! E como falan! Moitas veces nin ben falan. Non se pode ampliar o vocabulario a toda costa.

**A lectura relaxa e entretén.** Isto, xa de seu, non semella boa cousa. A rapazada necesita ocupacións, actividade. De certo que haberá unha clase de algo, inglés -of course- especialmente, á que poida acudir mellor que ficar relaxada e entretida, diríase que abumida!

Abofé que estaremos de acordo ao menos neste punto: non están os tempos para "perder o tempo". E menos na infancia e a xuventude, cando estamos a labrar un porvir: esgrima, inglés -of course- ou outras linguas importantes, Sóroban (un antigo ábaco xaponés moi interesante), eu que sei, mesmo un videoxogo. Ao menos hai actividade, todo menos abumirse.

**Ler incrementa a intelixencia.** Aquí entramos nos eidos máis esvaradíos da cuestión. Efectivamente que a actividade lectora incrementa moitos dos aspectos que adoitan relacionarse coa intelixencia: mellora a capacidade de comprensión e de resolución de problemas, así como a habilidade de recoñecemento de patróns (vencellada ás destrezas matemáticas); mesmo aumenta a intelixencia chamada emocional (a través do desenvolvemento da empatía). Si, pero todo isto, para que?

Non sei vostede, pero eu teño para min que algunhas destas habilidades poden ser un pouco problemáticas. Mesmo resultan un pouco raras. Non será mellor que os nosos nenos e nenas aprendan estas cousas no colexio? Ou no seu caso, na parroquia?

**Ler axuda a entenderse.** Especialmente en momentos -como a adolescencia- nos que nos sentimos tan perdidos, tan desubicados,

con tal necesidade de atopar o noso lugar nun mundo que xa non é o da infancia, nin o é tampouco o mundo adulto. Que facemos con esas emocións que son tan intensas, e que na literatura poden atopar apaixonantes lugares onde reflectirse, canles novas para forxar a nosa identidade, para crear ideas novas e mesmo novas formas de pensar?

Quen pode saber que ideas novas, que novas formas de pensar poden fornecer os libros? Se vostede cre, coma min, que temos abondas respostas para todas esas dúbidas na casa, que as nosas fillas e fillos non teñen máis que preguntar, daquela: para que necesitan ler?

**Ler desenvolve o sentido crítico.** A derradeira e talmente a peor de todas: o sentido crítico. A capacidade de ler máis aló das palabras, de ler entre liñas. Parece ser que a lectura, en especial cando é detida e repousada, desenvolve esta habilidade de pensar de xeito analítico e crítico, de descubrir o sentido profundo dos textos. As persoas lectoras cultivan a habilidade de albiscar as intencións, o mundo que subxace aos textos. Van máis aló. E son máis difíciles de enganar!

Acabáramos! Que son máis difíciles de enganar! Que son conscientes de que detrás dun texto hai un contexto, hai unha persoa que escribiu, que houbo unha intención, que ese texto foi publicado nun determinado medio... moitos factores que configuran unha interpretación axeitada. Saben, en definitiva, que unha cousa é o que len e outra -ás veces ben distinta- o que deben entender.

As persoas que len saben que, en ocasións, un texto pode querer dicir mesmamente o contrario do que de feito di.

Pois iso.